



**Asunto: solicitude de información (exemplar de tigre)**

En relación co seu escrito de data 08/10/2015, mediante o que se solicita información sobre un exemplar de tigre aloxado nas instalacións da empresa Naturmaz, no Aeródromo da Ferverza en Mazaricos (A Coruña), comunícase o seguinte:

No Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro, e autorizada pola Xefatura Territorial da Consellería de Medioambiente e Ordenación do Territorio da Coruña, figura inscrita a colección zoolóxica privada composta por un exemplar de tigre, propiedade do Aeródromo da Ferverza. Segundo a información dispoñible neste departamento, o dito establecemento non consta autorizado como parque zoolóxico, polo que os animais da colección non poden ser exhibidos ao público.

Ao non ter sido contemplada nin solicitada a priori a dita exposición, durante as inspeccións realizadas non foron avaliadas as medidas de protección do público aplicables aos parques zoolóxicos.

No momento do rexistro da colección zoolóxica, foi comprobada a existencia dun documento CITES para o exemplar, así como dun certificado veterinario que acreditaba a desparasitación e vacinación do animal.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2015

A subdirectora xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas

Susana Cuesta Fariña



**FINS EIREXAS**  
**ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA (ADEGA)**  
**TRAVESA DOS BASQUIÑOS 9, BAIXO**  
**15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA**